

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1            22418 (10/POC-003645)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de venda por Renfe dos billetes para bicicletas e a súa intención de impulsar a iniciativa EuroVelo Atlántico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
  
- 2            22753 (10/POC-003750)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos  
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento das condicións exixidas na normativa vixente na actividade que se está a desenvolver no vertedoiro de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, o resultado das inspeccións realizadas e a súa opinión ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
  
- 3            23691 (10/POC-003954)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis  
Sobre a dispoñibilidade ou a solicitude polo Concello de Pontevedra dalgún tipo de autorización do órgano ambiental para a instalación e utilización dos trescentos composteiros comunitarios contratados  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018*
  
- 4            25862 (10/POC-004233)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego destinadas á mellora da rede de saneamento de Celeiro e da EDAR de Viveiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018*

- 5            26142 (10/POC-004268)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do proxecto e execución das obras de construción dun novo viario para a conexión do punto de remate da variante de Aradas coa N-550  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*
- 6            26186 (10/POC-004272)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*
- 7            26283 (10/POC-004286)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*
- 8            26510 (10/POC-004318)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis  
Sobre as posibles consecuencias da demora na execución da obra da estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 14/03/2018 13:26:25**